


ÁMBITO ARTÍSTICO

LEARN TO SEE...

Aprender a ver e facer ollo.



Da terra á Lúa



1.-IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: “Facer ollo, aprender a ver.” Principios básicos da fotografía

ETAPA: PRIMARIA

NIVEIS: 5º e 6º

ÁMBITO / ÁREAS: Ed. Artística (plurilingüe)

PROFESORADO: Paula Gómez del Valle y Gómez

DESCRICIÓN DA TAREFA: Realización de obras creativas a través do acercamento á fotografía.

XUSTIFICACIÓN: Esta proposta aproveita o carácter plurilingüe da materia para vencellar a combinar o desenvolvemento das competencias técnicas na fotografía cunha análise interdisciplinar que conecta a literatura e a ciencia, promovendo un achegamento innovador ao traballo de Julio Verne e permitindo ao alumnado visualizar o mundo imaxinado por Verne a través da súa propia mirada fotográfica.

CONTEXTO: Este taller levarase a cabo na Aula de Audiovisuais durante unha xornada lectiva de 4 horas cos seus correspondentes descansos (petisco, recreo, hora de ler). O alumnado estará distribuído en 5 mesas de 4 alumnos. Os agrupamentos serán heteroxéneos con alumnado de 5º e 6º de E.P.

2.- CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas. CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Observación directa

2. Técnicas e principios básicos da fotografía	<p>CA2.1. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p> <p>CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p>	Rúbrica
3. Recreación e Creación da obra fotográfica.	<p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p> <p>CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.</p>	Rúbrica
4. Reflexión final e peche da sesión.	<p>CA2.5. Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	Observación directa
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		

- Introducción ao principios básicos da fotografía e a súa relación cos avances tecnolóxicos do século XIX
- Técnicas de enfoque, exposición, iluminación e composición na fotografía.
- Creación obra fotográfica e a relación entre a realidade e a ficción, traballo en equipo e planificación.
- Fomento da creatividade e a experimentación mediante a representación depaisaxes futuras e surrealistas, animando aos estudantes a explorar a súa imaxinación e expresión persoal.
- Valoración do traballo en equipo como parte fundamental do proceso creativo.
- Fomento da colaboración, a comunicación e a resolución de problemas de forma conxunta.
- Incorporación de vocabulario específico en inglés relacionado coa arte e coa obra de Julio Verne.
- Uso de instrucións e rexistros en inglés durante as actividades prácticas.

3. SECUENCIACIÓN

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	Breve introdución histórica e científica: Explicar brevemente como a fotografía neceu como parte dos avances científicos do século XIX	Actividade de vocabulario en inglés relacionado.	Presentación do proxecto e obxectivos.
2. Técnicas dos principios básicos da fotografía.	Explicación dos principios básicos da fotografía: Luz, diafragma, tempo de exposición, sensibilidade e composición	Reflexión sobre como poderían relacionar a fotografía coa obra de Julio Verne: fotografía "Viaxe ao redor da lúa" e "20.000 leguas de viaxe submarina"	Cada equipo planifica o tipo de fotografía que quere facer e realizar: Submarina, recreación de paisaxes exóticas con espazos e materiais do cole e futuras.
3. Creación da obra artística fotográfica	Planiificación grupal en tamaño grande, incluíndo as fotografías. Deberán usar algunhas das técnicas para crear as fotografías baseándose nos principios técnicos aprendidos para recrear eses mundos imaxinarios ou combinacións inverosímiles ficcionadas, baseándose nas obras observadas.		
4. Reflexión final e peche da sesión	Cada grupo expón a súa obra ao resto da clase, explicando as súas decisións artísticas, o proceso de creación e como se inspiraron nos artistas estudados.	Reflexión final sobre o proceso e os resultados obtidos	Recollemos a aula de audiovisuais.

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	LUGAR	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	Aula de Audiovisuais	Gran grupo	Pantalla e ordenador	20 minutos 9:10 a 9:30
2. Técnicas dos principios básicos da fotografía.	Aula de Audiovisuais	Grupos de 4	Ordenador Lapis, goma, regla	45 minutos 9:30 a 10:15
3. Creación da obra artística fotográfica	Aula de Audiovisuais	Grupos de 4	Cámara e tablets	100 minutos 10:15 a 11:15 12:20 a 13:00
4. Reflexión final e peche da sesión	Aula de Audiovisuais	Grupos de 4	Rúbricas de avaliación	10 minutos 13:00 a 13:10

CRITERIOS E CONTIDOS - RÚBRICA

Traballo en equipo, organización e adquisición das aprendizaxes

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	A ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LG 4º: CA2.5 LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA1.5, CA2.6
	B PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude positiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 3º e 4º: CA4.5, CA4.2 M 3º e 4º: CA2.1, CA3.1, CA6.4 EPV: 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	C PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA2.3 e
	D RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéñ nas quendas doutras persoas.	LG 4º: CA2.5 LC 3º e 4º: CA2.4, CA2.5 EPV 3º e 4º: CA1.5, CA2.6

OR GA NIZ AC IÓN	E	ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 3º e 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 4º e 3º: CA4.3 EPV 3º e 4º: CA2.3
	F.	É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCNN 3º e 4º: CA2.2, CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4 EPV 3º e 4º: CA1.1
	G	É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 LC 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 EPV 3º e 4º: CA1.3
CO MP RE NS IÓN, EX PR ESI ÓN E AD QU ISI CIÓN DA S AP RE ND IZA XE S	G	É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA3.7 LC 3º e 4º: CA3.7 EPV 3º e 4º: CA1.2

DESEÑO DA TAREFA - FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE- LISTA DE COTEXO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguíuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		